



EXCMO. CONCELLO  
DE  
**BAIONA**  
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESION EXTRAORDINARIA URXENTE CELEBRADA POLO  
PLENO DO CONCELLO  
O DIA 16 DE XUÑO DE 2010**

- ALCALDE: D. Jesús Vazquez Almuiña
- CONCELLEIROS: D. Angel Manuel Rodal Almuiña  
Dña.Rosa Ana Marcote Guillén  
Dña. Maria de los Angeles Silva Gonzalez  
Dña.Maria Iglesias Fernández  
Dña.Ana Simons Sánchez  
D.Jose Rodríguez Trigo  
Dña.Maria Jesús Martíns Passos
- D. Manuel R. Vilar Marquez (CMÑ)
- D. Rafael Lores Rosal  
Dna.Emilia Giráldez Ramirez (incorpórase á sesión ás 8,25 h.)  
Dña.Laura Miguez Pérez  
Dña. Teresa Perez Vieira
- D. Xose Enrique Fernández Fernández  
D. Roberto C. Valverde Sabin
- NON ASISTIRON: D. Manuel A. Gonzalez Marcote (PSOE)  
D.Manuel Rafael Estévez González (PSOE)  
Dña.Rosa del Riego Santos
- SECRETARIA: Dña.Susana Gallardo Fariña
- 

Na Casa Consistorial de Baiona, a dezaseis de xuño de dous mil dez, reúnense os señores ditos enriba, co obxeto de celebrar sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello.

Sendo as oito horas e quince minutos, o Sr.Alcalde-Presidente declara aberta a sesión, pasándose ó tratamento dos asuntos contidos na Orde do Día.

**1.-RATIFICACION DA URXENCIA.**

**EXPLICACION DA URXENCIA.- SR.ALCALDE.-** A Urxencia deste Pleno Extraordinario é fundamentalmente porque trátase de establecer unha área de rehabilitación integral e necesitamos que o Pleno dictamine si está dacordo ou no, para presentálo antes de fin de mes na Xunta posto que haberá unha reunión co Ministerio de Vivenda onde se proporán os diferentes Concellos que poidan acceder ás axudas previstas nas ARIS.

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación da URXENCIA, resultando aprobado por unanimidade dos presentes, polo cal se procede ó debate do seguinte punto.**

**2.- APROBACION DA SOLICITUDE DE DELIMITACION DA AREA DE REHABILITACION INTEGRAL DA ZONA ANTIGUA DA VILA DE BAIONA.**

O Sr.Alcalde cede a palabra á **SRA.SIMONS, PP**, quen procede á lectura da seguinte:



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

### **PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Resultando que a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia por Decreto 48/1993, do 25 de febreiro declarou ben de interese cultural con categoría de conxunto histórico a zona antiga de Baiona.

Resultando que o Real Decreto 2066/2008, do 12 de decembro polo que se aproba o Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012 establece como eixe básico e programa do Plan, entre outros, as Áreas de Rehabilitación integral de centros históricos establecendo como requisitos os seguintes " *Las ARIS deberán cumplir las siguientes condiciones:*

1. *Condiciones generales:*
  - a. *Deberán haber sido declaradas por las Comunidades autónomas y ciudades de Ceuta y Melilla.*
  - b. *El perímetro declarado del ARI habrá de incluir al menos 200 viviendas. Excepcionalmente, esta cifra podrá ser inferior en casos suficientemente motivados, acordados en las comisiones bilaterales de seguimiento.*
  - c. *Las viviendas y edificios objeto de rehabilitación deberán tener una antigüedad superior a 10 años, excepto en supuestos suficientemente motivados y acordados en las comisiones bilaterales de seguimiento.*
  - d. *Las viviendas que hayan obtenido ayudas de este programa, habrán de destinarse a domicilio habitual y permanente de su propietario, o al arrendamiento, al menos durante 5 años tras la finalización de las obras de rehabilitación.*
2. *Condiciones específicas de las ARIS en conjuntos históricos.-Para poder acceder a las ayudas de este programa, el conjunto histórico deberá reunir los siguientes requisitos:*
  - a. *Haber sido declarado como tal, o tener al menos expediente incoado al efecto, según la legislación estatal o autonómica.*
  - b. ***Contar con un plan especial de conservación, protección y rehabilitación, o figura similar establecida por las Comunidades autónomas y ciudades de Ceuta y Melilla, y que cuente al menos con la aprobación inicial en el momento de la solicitud."***

**Resultando que o Concello de Baiona está tramitando o Plan Especial do Conxunto Histórico Artístico, plan que en data 17/07/2009 foi aprobado provisionalmente pola Xunta de Goberno Local.**

A vista do Decreto 2066/2008, do 12 de decembro e decreto 402/2009, do 22 de outubro resulta necesario a redacción dun documento previo á solicitude do ARI á Comunidade Autónoma para o cal en data 12/04/2010 adxúdicase o contrato de servizo para a redacción da documentación necesaria de conformidade co artigo 48 do RD 2066/2008 para a solicitude do Área de Rehabilitación Integral do casco histórico do Concello de Baiona declarado conxunto histórico por Decreto 48/1993, do 25 de febreiro da Consellería de Cultura a Dña. María Asunción Leboreiro Amaro, arquitecta e directora do equipo consultor T.A.U.L.A. (Taller de Arquitectura y Urbanismo Leboreiro Amaro).

Trala presentación en data 14/06/2010 dos traballos realizados por parte da consultora propoño al Pleno da Corporación o seguinte acordo:

**Primero.- Delimitar como Área de rehabilitación Integral a zona antiga da vila de Baiona (plano 1 da proposta)**

**Segundo.- Solicitar ó Instituto Galego de Vivenda e Solo a declaración de Área de Rehabilitación Integral para ó ámbito da zona antiga da vila de Baiona.**



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

**Terceiro.- Solicitar acollerse ás axudas previstas para áreas de Rehabilitación Integral no Rd 2066/2008 e normativa autonómica que o desenvolve**

**Cuarto.- Solicitar a sinatura dos pertinentes acordos coa Xunta de Galicia (Instituto Galego de Vivenda e Solo) e o ministerio de Vivenda para a realización do financiamento das actuacións e rehabilitación e de urbanización na dita área.**

**Quinto.- Autorizar ao Alcalde para que solicite a devandita declaración de área e para asinar ditos acordos.**

---

**(Neste intre, sendo as 8,25 horas, incorpórase á sesión a SRA. EMILIA GIRALDEZ RAMIREZ, do PSOE).**

---

**SRA.SIMONS, PP.-** El ámbito que delimita la propuesta del ARI, la zona antigua de Baiona, viene siendo la declarada por el BIC y la propuesta es de 442 edificios y 709 viviendas, donde residen algo más de 1.100 personas, teniendo como objetivo dotar un programa de diferentes actuaciones que pueden ser diseño y proposición de pavimentos, rehabilitación de vivienda, mejoras de fachadas, de bajos comerciales, accesibilidad, y también programas socio-económicos, educativos, así como dotacionales, y equipamientos públicos, con el fin de poder poner en valor el Conjunto Histórico de Baiona, para el cual se pretende crear también una Oficina de rehabilitación dotada de un equipo técnico.

La financiación del programa de rehabilitación se cifra en unos 19 millones de euros ajustándose a 4 anualidades, desde el 2010, incrementándose cada porcentaje por año, por ejemplo en el 2010 sería un 10% de ese Presupuesto, en el 2011 un 20%, en el 2012 un 30, y en el 2013 un 40%. En dichas aportaciones estarían las 3 Administraciones, además de la aportación privada. Muchas gracias.

**SR.LORES, PSOE.-** Ante nada disculpar la ausencia de Rafael Estévez, a quen por cuestións laborais lle foi imposible estar agora aquí.

Respecto á Moción, estamos dacordo posto que é un tema importante para o casco de Baiona, importante tamén para os veciños, e supoño que despois nos darán máis información de como vai a ser o procedemento para esas axudas nesa Oficiña.

O que sí nos sorprende, e creo que tamén é de xustiza decílo, foi a premura deste Pleno posto que é un tema que estaba previsto, e me consta que dende o equipo redactor, dende o equipo de goberno, e dende tódolos grupos, levamos traballando neste tema xa fai tempo; por isto sorprendeume esta convocatoria dun día para outro.

Respecto ó tema da delimitación todos supoñíamos cal era, pero non viña na documentación.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Nós por suposto estamos dacordo con que se aprobe esta Moción, vamos apoiála, e vai ser xa a segunda vez que o fagamos. O PP non, o PP vai a ser a primeira que o faga; pero nós vai a ser a segunda xa que creo recordar, non sei exactamente a data, quixen buscála pero non me deu tempo debido á premura do Pleno, pero xa habíamos traído ó Pleno a aprobación do ARI de Baiona; estou falando de memoria, igual me equivoco, pero creo recordar que incluso se falaba de aprobación non dun ARI senón de dous. O ARI sabemos que vai a supór unha serie de ventaxas, de axudas, para a rehabilitación dos edificios do Casco Histórico co principal fin de sua conservación, pero tamén da sua ocupación, e dí no documento incluso de que debiera ser habitada polos seus propietarios ou senón alugada durante os primeiros 5 anos alomenos; é unha boa medida, é unha medida que xa fora impulsada polo Goberno bipartito anterior, e que os nosos compañeiros de partido, responsables daquela área, nos habían solicitado que o truxeramos a Pleno para que se aprobara a inclusión, creo recordar, non dun ARI senón de dous; un ARI coas mesmas



EXCMO. CONCELLO

DE

**BAIONA**

(PONTEVEDRA)

características que o que se presenta aquí agora, e outro máis para as vivendas ailladas que están catalogadas e que non entrarían dentro deste ARI.

E unha pena que se perdera tanto tempo e é unha pena que se haxa feito o Pleno así á présa; creo que este é un motivo máis para que o equipo de goberno se poña as pilas e traia dunha vez por todas a aprobación do PEPCHAB definitivamente para que os veciños poidan utilizar as melloras e os beneficios que supón contar cun PEPCHAB e estar dentro dun ARI. Moitas grazas.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Estamos dacordo con este tema, é moi interesante para Baiona e sobre todo vai a potenciar o traballo que se está facendo do PEPCHAB para posibilitar que o casco vello de Baiona non se deteriore, como realmente está ocorrido en moitas zonas.

Sobre o ARI do que falaba o Sr.Fernández, recordo que aquel Sr.Eulogio, que era Delegado de Vivenda, viñera aquí, e nós aprobáramos nun Pleno, e non foi adiante, non sei se tiña problemas presupostarios para leválo a cabo ou que non estaba aprobado inicialmente, como está agora, o PEPCHAB; a verdade é que descoñezo aquela situación. Pero que aquí toda a Corporación queremos que o casco vello se recupere e sobre todo que as actividades económicas se realicen con arreglo á Lei, que non xeneren conflitos, e que as vivendas se ocupen coa habitabilidade que debe ter un casco vello. Creo que non hai dúbida de que todos estamos dacordo; nós aprobaríamos este tema tódalas veces que foran necesarias, a ver se dunha vez por todas chegan as axudas da Administración para rehabilitar o casco vello de Baiona. Moitas grazas.

**SRA.SIMONS, PP.-** Aclarar a duda de que tenga que ser un núcleo formado por "x" vivendas; en este caso lo que indican es que tienen que ser 200 vivendas; a causa de eso, los elementos exteriores que están dentro del BIC no pueden estar incluídos dentro del ARI, pero también decir que lo más importante es poder tener esa oficina de rehabilitación para, a medida que vayan saliendo otras subvenciones, se puedan ir tramitando de la misma manera.

**SR.ALCALDE.-** O que temos que ter como obxectivo é aprobar o PEPCHAB nos próximos meses, así teremos un arma máis á hora de solicitar subvencións.

**SR.FERNANDEZ, BNG.-** Sr.Vilar, o deterioro do casco é sen dúbida ningunha responsabilidade do goberno; porque senón ten o PEPCHAB aprobado, e non ten axudas, e non está incluído dentro dun ARI, é porque o goberno ata agora non fixo os deberes; nada máis que iso, non é por outra cuestión. Mire vostede o que era fai 4 anos o casco de Vigo e o que é agora; ahí ten un exemplo; ou o de Pontevedra, ou o de Allariz, e poderíamos seguir.

Sra.Simons, permítame que lle diga que se lle escapou algo, efectivamente ten que ser máis de 200 vivendas, pero no mesmo artigo pón que en casos especiais se estudiará se hai menos de 200, polo tanto ao mellor, falo de memoria, non sei cales son as bases específicas para poder declarar un segundo ARI coas vivendas externas; creo recordar que cando nós habíamos feito a proposta, e volvo a repetir que falo de memoria, o meu compañeiro Euloxio nos había comentado que sí era posible un segundo ARI; dous ARIS en Baiona distintos.

**SR.VILAR, CMÑ.-** Decir que nós, dende que temos responsabilidade de goberno, sempre fixemos o posible por recuperar o casco de Baiona, non hai máis que mirar tódalas pavimentacións das rúas do casco vello, que fixemos practicamente o 100%; ultimamente as zonas perimetrais da rúa A Garda, O Rosal, actualmente se está facendo Entrehortas, cunha rehabilitación importante; fíxose a rúa do Concello; Santa Liberata; creo que temos unha clara vocación de recuperación do casco vello de Baiona, isto é innegable, e se alguén o duda é que está cego.

Quero recordar que por parte dalgún portavoz, cando estabamos rehabilitando o cruce entre Herminio Ramos e Porta da Vila, avisaron á Policía autonómica para abrírnos un expediente e nos meteron unha sanción; iso é o triste, que existan portavoces que cando nós estamos



EXCMO. CONCELLO

DE

**B A I O N A**

(PONTEVEDRA)

facendo obras sen ningún outro interés que mellorar o casco, que nadie o duda, que hai ese interés, que haxa portavoces aquí que avisan á Policía autonómica para denunciarnos, para que nos abran expedientes, a un Concello que está rehabilitando o seu casco; isto é triste, é lamentable e penoso que haxa esa falsedade nalgún dos portavoces aquí presentes, con ese dobre linguaxe, "se facedes algo, vos denunciaremos"; isto é unha realidade, que atenta ó patrimonio municipal cando nos meten unha sanción, e manipulan os expedientes, e nomean a Comisarios políticos nesos expedientes, pero bueno, así lles foi. Realmente iso é triste, lamentable, e penoso.

Con relación ó tema dos edificios, desgraciadamente aquí a propiedade é privada, e moitas casas do casco vello non se poideron habitar por aquelas famosas normas de habitabilidade, que por certo ¿qué sería do casco vello se aquelas normas que tiña o BNG foran adiante?, iso sería xa demencial, non sei para qué servirían as vivendas do casco vello, seguramente para facer pubs ou actividades dese tipo, pero non para vivir.

Por iso, cando hai portavoces que falan, por favor, que pensen un pouquiño que aquí non somos tontos.

**SR.ALCALDE.-** Sobre o tema das casas ailladas hai que ter en conta que isto ten un trámite complexo, é dicir, nós o aprobamos hoxe aquí, ten que ratifícalo a Xunta, e despois a Comisión mixta Xunta-Ministerio ten que aprobalo; hai moitas propostas, entón temos que empezar por algo sobre o que non hai dúbidas que é o casco histórico de Baiona, que ten máis de 400 vivendas; e nos próximos anos, porque isto non está pechado, dicir que si en Baiona temos outra realidade que tamén se poda incorporar; pero agora, para tratar de que nos concedan algo, que é complicado, non é sinxelo, creo que esta proposta inicial é o máis seguro de todo.

---

**Polo Sr.Alcalde se procede á votación do presente punto, resultando aprobado por unanimidade.**

**Polo cal o Pleno, por unanimidade, ACORDA:**

**Primero.- Delimitar como Area de Rehabilitación Integral a zona antiga da vila de Baiona (plano 1 da proposta).**

**Segundo.- Solicitar ó Instituto Galego de Vivenda e Solo a declaración de Área de Rehabilitación Integral para ó ambito da zona antiga da vila de Baiona.**

**Terceiro.- Solicitar acollerse ás axudas previstas para áreas de Rehabilitación Integral no Rd 2066/2008 e normativa autonómica que o desenvolve.**

**Cuarto.- Solicitar a sinatura dos pertinentes acordos coa Xunta de Galicia (Instituto Galego de Vivenda e Solo) e o Ministerio de Vivenda para a realización do financiamento das actuacións de rehabilitación e de urbanización na dita área.**

**Quinto.- Autorizar ao Alcalde para que solicite a devandita declaración de área e para asinar ditos acordos.**

---

E non habendo máis asuntos a tratar, polo Sr.Alcalde-Presidente levantouse a sesión, sendo as oito horas e coarenta minutos do mesmo día, de todo-lo cal, como Secretaria, CERTIFICO.